

Galicia, luces e sombras

LUIS ALVAREZ POUSA *

De súpeto, os moldes non serven. O libro adiviñase como un obxecto romántico que aloumíñase o intelectual na súa biblioteca privada. Baléiranse de misterio os escenarios e o cómico vese inmerso en espazos onde todo está medido. Case todo toma a color que amarelea unha cultura que sobreviviu ós vaivéns dunha etapa política de opresiva miseria. Sentimos como que chegamos tarde, coma viaxeiro que peregrinou cara ó corazón dun bosque que atopa agora transformado en gran cidade. Son os tempos da telemática, da computadora, de canto técnica o diario vivir do home. Nesta dimensión, unha cultura coma a galega, que aposentou a súa tradición sobre a páxina escrita, que resistiu as embestidas dunha política que lle foi hostil en corenta longos anos de dictadura gracias a que o pobo seguiu fiel a súa lingua e a canto o diferenciaba en sistemas de relación e comunicación, na de afrontar un reto a vida ou morte. Ou asume esas canles de comunicación cultural que precisan da tecnoloxía, ou definitivamente o camiño queda convertido en "corredoira".

Somos un pobo literario. Pero aínda así, con esa tradición no noso patrimonio cultural, a balanza inclínase cara un tipo de analfabetismo cultural que é característico de sociedades terciomundistas. E o que é peor agora mesmo: somos un pobo sen espectadores. De case nada serve que Galicia conte cunha nómina máis ca honrosa de artistas plásticos. A imaxe, a pesar de convivir con ese microcosmos de formas que robustece o entorno humano de lugares onde as formas de románico se confunden coa terra traballada e coa carballeira natural, pérdense nas trastendas da nosa historia contemporánea. Estamos así orfos de imaxes. Algo se nos sobrepón agora mesmo, xusto cando hai posibilidades de autogoberno, cando se nos deixa dicir en voz alta que Galicia ten dereito a escolle-lo seu propio destino. Sen a imaxe, non seremos quen de recordar. Perderémo-la memoria. Seremos un pobo sen máis señas de identidade que aquelas que aproveitaron os antropólogos para clasificarnos.

* Luis Alvarez Pousa é director xeral de Cultura da Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia.

A fotografía, que xa é parte integrante do pensamento político e cultural contemporáneo, non foi aproveitada tampouco. E así, con notables excepcións, perdéronse-nos moitos contornos. Desapareceron as antigas cidades e construíronse outras sen que tiverámo-la oportunidade de comparar. Un medio tan eficaz por directo como o da fotografía non tivo eco social fóra do ámbito da festa doméstica. E así, chegados a esta década, cando os satélites e os vídeo-disco son xa un lanzamento de auténtica revolución no sistema das comunicacións, o que pido ter servido para crear unha dinámica de activa culturalización visual quedou nos trasteiros dos dez "artesáns" que a pesar de todo abriron os seus estudos a algo máis ca a unha mera reprodución para o D.N.I. Os Veiga Roel, Ksado, Pepe Suárez, Carlos Velo, Cancelo ou Ferrer, por citar algúns dos máis significados, algúns mesmo aproximándose ó cine con éxito, non atoparon un clima de recepción axeitado para facer da fotografía unha manifestación artística capaz de arriquecelo cultura galega con esa dimensión icónica que agora se sistematizaría, seguindo as diferentes fórmulas e procedementos expresivos que conforman a cultura da imaxe que se impón no mundo.

Cantas veces escribín, no meu oficio de xornalista, sobre o devenir da cultura de Galicia, sempre repetín asta a saciedade que está tocada de enfermidade grave ante a que sucumbirá no caso de que non asuma, con tódalas consecuencias, que a imaxe é o soporte e barca de salvación para a lingua e para todo o que personaliza tradicionalmente o latexar diferenciado deste pobo. Agora, desde a miña condición de Director Xeral de Cultura, cargo no que sen ningún tipo de obediencias partidarias me vexo comprometido, podo e debo abrir esa porta da imaxe que ven estando pechada a cal e canto, ás veces pola involuntaria concepción que da cultura tiveron, e desgraciadamente aínda teñen, algúns dos máis respetables intelectuais do país.

Aí estará centrada en boa medida a miña xestión, da que me responsabilizo ofrecéndome como unha ponte de diálogo entre a xeración do libro e as xeracións que mentalizaron o seu diario existir a golpe de secuencias minutadas. En primeiro lugar, Galicia necesita infraestrutura cultural para que a imaxe se "domicilie" en cada sector da sociedade de forma creativa. Só tendo nas mans o instrumental e o espazo axeitados, que serán manexados con total autonomía, se poderá aventurar un futuro construído en liberdade. O mesmo tempo, esa infraestrutura posibilitará a recuperación desa memoria histórica que doutra forma se perdería ou no mellor dos casos retornaría á caverna do museo.

Configurar e materializa-la Fototeca de Galicia é unha necesidade e unha urxencia. Rescataremos eses arquivos perdidos, esas fotos de época que axudan a "retratar" o que fomos, esas copias de eses negativos que están no baúl das lembranzas familiares. E levaremos a cabo un traballo de creación artística, porque temos creadores de imaxe fotográfica que entenderon por qué a historia non se pode escribir só con palabras. As exposicións que últimamente se veñen realizando en Galicia (a dos Novos Fotógrafos Coruñeses, ou a dos xóvenes fotógrafos de O Ferrol), por exemplo, así como a realización das Xornadas de Fotografía confirman que se está producindo unha conexión entre creadores, sociedade e o poder político, ó que desde a miña área exclusivamente cultural estou representando.

Ese gran traballo de catalogación, de inventario, e de arquivo en definitiva, levarémolo a cabo de inmediato, cunha publicación resume que seguramente se distribuirá en 1985, formando parte do Centro de Información e Documentación de Galicia que me propoño crear. E para que se consiga ese "calor" humano en torno ó cal medrará esa concienciación sobre a imprescindible marca cultural da imaxe, abriremos con carácter estable sás de exposición de fotografía, a primeira das cales terá a súa sé na popular Casa da Parra en Compostela.

Por este camiño (fotografía, cine, vídeo, televisión) Galicia descubrirá algún día non alonxado as luces e as sombras da súa propia imaxe.